



Felipe Criado-Boado é arqueólogo, director do Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC. Actualmente estuda as relacións entre o mundo material e os procesos cognitivos. Foi Premio nacional de investigación 2023.

Manifesto de Felipe Criado-Boado

Toda sociedade precisa coñecer e interpretar o mundo para desenvolverse nel de forma satisfactoria. A Ciencia é un xeito especial de coñecemento do mundo que se desenvolveu en Occidente desde o Renacemento e eclosiona coa Modernidade nos séculos XIX e XX. É responsable do noso progreso tecnolóxico e industrial, pero tamén foi da man do complexo tecno-militar desde o século XVI, da consolidación do capitalismo e da expansión colonial europea. Toda esta historia está reflectida nas bibliotecas e fan que debamos volver a elas continuamente. Pero non só. Tamén está reflectida na tradición oral, nos hábitos e na cultura material.

Dedicome á arqueoloxía, ao estudo da humanidade e á reconstrución da historia a partir dos restos materiais que producimos (algo que hoxe chamamos "patrimonio"). Como humanista sei que a Ciencia é unha forma de coñecemento parella a outro tipo de saberes, incluíndo os saberes tradicionais, ancestrais, humanistas e a "arte"; por iso é importante propiciar o diálogo de saberes entre formas de coñecemento distintas.

Como científico sei que a diferenza esencial da ciencia con outros saberes é que se pode validar a súa certeza (saber se é certa ou non) por mecanismos internos e formais, sen necesidade de acudir a valores sociais compartidos polo grupo ou crenzas en axentes externos; por iso é importante que a ciencia argumente as accións e decisións que as sociedades e os individuos afrontamos.

Como arqueólogo podo dicir que o valor da arqueoloxía é producir coñecemento científico sobre o patrimonio cultural, coñecer mellor a nosa historia e comprender de que xeito ese patrimonio interacciona coa historicidade, a tradición, a memoria, a identidade e, mesmo, os conflitos, con todo aquilo que caracteriza os pobos e lles serve para construír relacións (de colaboración ou de oposición) entre eles.

Pero máis aló diso, a arqueoloxía e o estudo do patrimonio (ao que contribúen moitas outras disciplinas) forman parte do descubrimento da nosa diversidade e diferenzas. O coñecemento pleno das condicións sociais nas que interrelacionamos co patrimonio, tamén ao estudalo (xa que estudamos patrimonio que pertence a outra xente e ten valores especiais para persoas distintas), mostra que a investigación científica non é allea aos procesos de diálogo, participación e construción entre axentes distintos, a miúdo con intereses contrarios pero xeralmente lexítimos e comprensibles.

Esa investigación debe profundar no coñecemento do destino común da humanidade. Algo sobre o que debemos construír unha conciencia compartida porque, nun mundo que é cada vez máis divisivo e cego, está en xogo o noso equilibrio co planeta e as relacións entre as diferentes sociedades humanas. A boa ciencia pode ser os nosos ollos. Pero non (só) porque sexa certa, senón porque sexa social. De feito, democrática.